




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Altas. Sector: Ría do Barqueiro. Provincias: Lugo e A Coruña. Municipios: O Vicedo (Lugo) e Mañón (A Coruña). Parroquias: San Miguel de Negradas, Santo Estevo do Vicedo, Santa María de Suegos e San Pedro de Mosende (O Vicedo); San Cristovo das Ribeiras do Sor e Santa María de Mogor (Mañón). Extensión: 14,31Km²

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Este enlázase co resto da unidade mediante un potente dique de cuarzo, explotado máis ao norte, no Barqueiro. Ten dirección noroeste-suroeste e vai desde Pedra Furada ás ladeiras do monte Muro Novo. No ámbito continental recoñécense algunhas masas de ribeira (91E0) pero de escasa talla, no medio dun ambiente moi transformado, especialmente no Rego da Torre e no Rego de San Miguel.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Unidade de grandes dimensións e diversa desde o punto de vista litolóxico. Na metade oriental aparece un granito de dúas micas que representa ao Dominio hercínico. Pequenas áreas desta roca aparecen tamén no extremo sur da unidade. O Dominio do "Ollo de Sapo" ocupa as bandas central e occidental da unidade, ademais do extremo oriental da mesma, con materiais gnéissicos de idade precámbrica en facies de megacristais e mixtas. No extremo occidental desenvólvese unha banda de cuarcitas feldespáticas e o comezo do dominio dos materiais metamórficos, representados neste caso por filitas, ambas unidades pertencentes ao Ordovícico inferior. Nos depósitos sedimentarios destaca a cobertura cuternaria de depósitos de praia e de bancos areosos e lamacetos intermareais no estuario.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

A maior parte da unidade adscribese ao dominio climático Cálido e Seco, con precipitacións medias de 800mm a 1000mm e unha temperatura media anual maior de 14°C. A parte alta dos montes que a delimitan nas súas vertentes occidental (Serra de Solleiros) e oriental (Muronovo) pertence ao dominio Tépedo-Subhúmido debido ao incremento das precipitacións (até 1200mm anuais) e a unha temperatura media anual lixeiramente inferior.

OS SOLOS


Amplio estuario que mostra a catena característica de chans desde o fondo de val á cabeceira. Arenosos álbicos no extremo occidental do complexo sedimentario e fluvisóis tiónicos nas áreas de marisma da parte interna do estuario. Nas ladeiras de escasa pendente e máis próximas aas marxes do río Sor, desenvólvese cambiños de fondo de val (dístrico-umbricos e eútricos). Ascendendo pola vertente os chans son progresivamente menos profundos e fértiles dando paso a umbrisois dístricos, regosois de cabeceira, e cando nestes últimos predomina o substrato rochoso leptosóis líticos como a parte somital da Serra de Solleiros.

AS AUGAS

O PATRIMONIO NATURAL

Costa do IBA Punta Candieira-Ría de Ortigueira-Estaca de Bares. Só posúe un pequeno sector costeiro protexido polo LIC Mariña Occidental, o do complexo sedimentario de Area Longa e Pedra Furada. Destacan os hábitats relacionados co intermareal, con zonas afectadas pola oscilación das mareas onde se desenvolven extensas superficies dos hábitats relacionados cos bancos areosos e lamacentos intermareais e submareais(1110 e 1140); ademais dos do grupo 13 de marismas e pasteiros salinos atlánticos. Na punta da parte continental da barra esténdese un campo de dunas marítimas das costas atlánticas, grupo 21. No ámbito continental recoñécense algunhas masas de ribeira (91E0) pero de escasa talla, no medio dun ambiente moi transformado, especialmente no Rego da Torre e no Rego de San Miguel. Por último, aparecen algunhas masas de recolonización destacables no medio das agras principais, por exemplo nas zonas de Marcos, Crecede, Chelo, Lama e San Fiz.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Predomina o uso forestal, fundamentalmente localizado sobre os relevos que enmarcan o gran estuario do río Sor. As masas forestais están compostas, principalmente, por un monocultivo de eucalipto, aínda que, existen sectores con manchas de arboredo de recolonización en evidente progresión. Doutra banda, é característica a presenza de espazos de cultivo, agras individualizadas entre si, que se abren entre a foresta, alí onde se suaviza a topografía da unidade, ou ben onde o home determinou o seu emprazamento a pesar da pendente, como é o caso dos existentes na marxe esquerda do estuario. Intimamente vinculados aos espazos de cultivo encóntranse a escasos núcleos que configuran o uso residencial da unidade. Por último, sinalar a existencia dun uso marisqueiro e pesqueiro no estuario da Sor e o aproveitamento eólico nos cumes do extremo sudoriental e suroccidental da unidade –Muronovo e Serra de Solleiros respectivamente.

MORFOLOXÍA

A rede de asentamentos caracterízase por unha baixa densidade de edificacións e por unha morfotopoxía tradicional. Son agrupacións de vivendas tradicionais integradas tipolóxicamente e funcionalmente na contorna na que se inscriben. Poden aparecer formando varias pequenas agrupacións, como é o caso da Poceira, Maros, San Roque, etc., ao leste da unidade ou O Barral de Riba e de Baixo, Pastoriza e Miramar de Baixo (núcleo de identidade litoral) ao suroeste; ou ben, conformando pequenas aldeas individualizadas de gran beleza na súa trama e organización como é o caso de Creximil e Morgallón ao sur e San Fiz ao oeste. A localización da rede de asentamentos responde ás vertentes menos empinadas da unidade (salvo excepcións como, o caso do Fulgueiro e O Xurbal ao sueste da unidade) e presenta unha disposición radial tomando como punto central a Illa de S. Martiño, en pleno estuario.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

O sistema de comunicacións divídese entre as infraestruturas de paso, aquelas que cruzan polo norte a unidade, onde a canle de desembocadura acusa un maior estreitamento, conectando as provincias de Lugo e A Coruña como a N-642 e ferrocarril de FEVE; e doutra banda, as infraestruturas que dan servizo ao conxunto da unidade, principalmente estradas que bordean o estuario cara ao interior en busca dun paso alcanzable aos tempos en que se acometeu a obra orixinaria. Estas estradas son a LU-6404 ao leste da unidade, que descende cara ao interior pasando a denominarse LU-6401 até o límite provincial, onde cambia a súa denominación á de AC-4401, correspondente á nova provincia pola que transita (A Coruña). Neste punto a AC-4401 recupera a súa dirección cara ao norte, comunicando os distintos asentamentos da ribeira oeste da Sor en dirección ao Porto de Barqueiro.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Existen un gran número de elementos catalogados como patrimonio arqueolóxico no interior da unidade, destacan os Castros de Insua e Ribeiras de Sor en San Miguel de Negradas e As Insuas respectivamente, as Mámoas de Pena Branca, no extremo SO da unidade e o Monumento de Pazo de Torre de Lama, reconstrución dunha fortaleza do século XV, na marxe esquerda do río Sor. O carácter tradicional dos asentamentos da unidade permitiu conservar numerosas mostras de patrimonio. Destacan os conxuntos arquitectónicos de San Roque, Morgallón, Creximil ou Miramar de Baixo, sendo o primeiro e o último dous Núcleos de Identidade do Litoral. Bos exemplos de patrimonio relixioso son, a capela de Ntro. Sra. de Pastoriza, a igrexa parroquial de S. Miguel e a Capela de S. Roque, en Negradas ao E. Sinalar, por último, a catalogación da ponte de cantería de Barqueiro de orixe medieval e a máis recente, metálica, de principios do século XX, ao pé mesmo da desembocadura do Río Sor.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL


Esta unidade configúrase como o fondo de saco da Ría de Barqueiro, e desde ela obtense unha panorámica amplísima desta ría, a máis setentrional do sector das denominadas Rías Altas. O río Sor constitúese como fronteira natural e administrativa entre as provincias de Lugo e A Coruña. Na súa desembocadura xérase un estuario de grandes dimensións, que é o elemento característico da unidade e en torno ao cal se organiza este territorio. Neste espazo difuminanse os límites tanto administrativos como naturais, xa que o mar parece querer penetrar terra dentro formando un amplo espazo intermareal onde destaca a Illa de San Martiño, antano asilo de cristiáns e residencia monástica, hoxe totalmente cuberta de vexetación. Ambas marxes da ría presentan unha organización que responde ao modelo tradicional repetíndose as pautas habituais: vertentes forestadas e zonas máis chairas con espazos de cultivo aproveitados por pequenos asentamentos ben identificados.

DINÁMICA DA PAISAXE**RISCOS E IMPACTOS**

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN**VALORACIÓN DA PAISAXE**

Trátase dunha unidade de gran valor, tanto desde o aspecto natural como antrópico. É, sen dúbida, un enclave destacado no marco da costa galega e por iso foi considerado como Espazo de Interese Paisaxístico. O estuario do Río Sor, é a contraposición da Estaca de Bares, mentres que esta penetra no océano, neste caso é o mar o que penetra no continente. A este singular feito xeomorfolóxico débese engadir outra peculiaridade, o Río Sor exerce como límite administrativo entre as provincias de Lugo e A Coruña, co que a súa identificación pola poboación está asegurada. A todo iso hai que engadir os valores naturais que presentan o conxunto da unidade, aínda que a declaración de LIC e ZEPVN cinguese á punta da barra areosa de Area Longa, tanto na súa fachada marítima como continental, onde tamén se desenvolve un interesante conxunto dunar. O resto da zona intermareal afectada pola oscilación das mareas posúe unha gran riqueza faunística, representada por especies marisqueiras, anfibios, avifauna, ou salmonidos que aproveitan que o río Sor é o único non represado da comarca das Rías Altas para remontar o seu curso e perpetuar a súa especie. A Illa de San Martiño é outra das peculiaridades a destacar do interior do estuario, constitúe hoxe refuxio dun bo número de aves entre a súa densa vexetación mentres que en tempos remotos acolleu a varias comunidades monásticas, incluída unha feminina pertencente á orde beneditina que desapareceu no s. XV e da que hoxe non queda resto algún á marxe dos escritos. A estes valores regalados pola natureza engádesse un poboamento baseado na consolidación do modelo tradicional. Destacan os Núcleos de Identidade do Litoral de San Roque e Miramar de Baixo, ou o rico patrimonio cultural repartido pola unidade. A orografía encaixada do estuario permite a súa observación desde calquera relevo que o circundan, existindo incluso varios puntos equipados para tal función. Hai que destacar a visibilidade que a Ponte Metálica ofrece sobre o estuario da Sor.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Non existen ámbitos de recualificación nesta unidade.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos











Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera
-  Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales
-  Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.197

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



